



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

MANUEL XOSÉ LORENZO PENELA, SECRETARIO ACCIDENTAL DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO (RES. DEL. 29.04.2015)

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 15.05.2015 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3. POXA PÚBLICA PARA O ALLEAMENTO DAS VIVENDAS MUNICIPAIS DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA, 12-14: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN Á OFERTA PRESENTADA NO MES DE ABRIL DE 2015. EXP. 1806/433.

Antecedentes:

O día 11.05.2015 o técnico de administración xeral da Oficina de Vivenda co conforme da xerente de Urbanismo informa:

I.- ANTECEDENTES

1.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria de 03.10.2014, aprobou o procedemento patrimonial para o alleamento, mediante poxa pública á alza en sobre pechado, das 28 vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14 declaradas desertas na poxa pública precedente; no mesmo acordo, aprobouse o prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento (PCEA), e ordenouse a apertura do procedemento de adxudicación.

O procedemento estará aberto durante o prazo dun ano, contado dende a publicación do último anuncio en diários oficiais, ben no BOP ou no DOG, con análise mensual das posturas presentadas e elevación pola Mesa de contratación das propostas de adxudicación ao órgano de contratación coa mesma periodicidade, nos termos previstos no PCEA.

As sesións da Mesa de contratación están convocadas de forma xenérica para as 11:00 horas do primeiro venres de cada mes -sen prexuízo da convocatoria expresa-, en que se analizarán as ofertas presentadas no mes inmediatamente anterior, efectuando as propostas de adxudicación que corresponda consonte o PCEA.

2.- Os anuncios de apertura do prazo publicáronse no BOP de Pontevedra n.º 213, de 04.11.2014, e no DOG n.º 219, de 14.11.2015, comezando a data para a presentación de solicitudes dende esta última publicación.

3.- No mes de abril de 2015, presentouse unha única postura, tal e como se fixo constar na certificación do Secretario Xeral de 05.05.2015:

- D. JOSÉ LUÍS GÓMEZ GONZÁLEZ e D.ª MONSERRAT FERNÁNDEZ ALONSO (DOC. 150051922, presentada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 30.04.2015)

O 05.05.2015, por Decreto do Alcalde-Presidente da XMU avogouse a presidencia da mesa de



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

contratación, e delegouse especificamente para a convocatoria do mes de maio en D. Carlos López Font, concelleiro membro do Consello da XMU,

O 05.05.2015, por Decreto da Presidente da Mesa de contratación, convocouse á Mesa de contratación de forma expresa para a data prevista de forma xenérica (o primeiro venres hábil do mes de maio, o 08.05.2015), fixando a hora de celebración ás 12:00 horas na sala de xuntas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

4.- No día e hora fixados celebrouse a sesión da Mesa de contratación, de cuxas actuacións se levantou acta, que se transcribe integramente a continuación:

***“MESA DE CONTRATACIÓN DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO REUNIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 8 DE MAIO DE 2015*”**

Na sala de reunións da sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, cando son as 12:18 h do día 08.05.2015, constitúese a Mesa de Contratación da Xerencia de Urbanismo para a realización das funcións previstas na cláusula 10ª do prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento, aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do 03.10.2014 (Exp.:1806/433) e declaradas desertas no procedemento de poxa pública precedente.

A Mesa constitúese da seguinte forma: Presidente: o concelleiro membro do Consello da XMU, D. Carlos López Font (por delegación do presidente da Xerencia de data 05.05.2015); vogais: D. Xosé Manuel Lorenzo Penela, secretario da administración municipal (por delegación do Secretario Xeral autorizada por Decreto do Alcalde-Presidente do 29.04.2015); D. Luis García Alvarez, interventor xeral do Concello de Vigo; D. Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais da Xerencia municipal de urbanismo; Dª Mª José Loureiro Bada, xefa de Asesoramento Xurídico da XMU; Dª. María Sobrino del Río, xefa da área Técnica da XMU; D. Martín Giménez Calviño, TAX da Oficina de Vivenda e PMS (con voz e sen voto). Non asisten o/a membro/a do Consello da XMU a designación do Grupo municipal do PP, nin o/a membro/a do Consello da XMU a designación do Grupo municipal do BNG. Actúa como secretaria Dª Ruth Eguía Oller, administrativa da Oficina de Vivenda e PMS da XMU.

ASUNTO: APERTURA DAS OFERTAS (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E POSTERIORMENTE ECONÓMICA) PRESENTADAS NO MES DE ABRIL PARA O PROCEDEMENTO ABERTO DE POXA PÚBLICA PARA O PROCEDEMENTO ABERTO DE POXA PÚBLICA PARA O ALLEAMENTO POR LOTES DE 28 VIVENDAS MUNICIPAIS NA RÚA REPÚBLICA ARXENTINA, 12-14. EXP: 1806/433

Aberta a sesión polo sr. presidente, procédese á verificación do informe sobre o número de solicitudes presentadas e a comprobación de que éstas coinciden co número de sobres que posúe a mesa.



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

“Que durante o mes de abril de 2015 , publicado no BOP 4 de novembro e no DOG o 14 de novembro de 2014, para a presentación de ofertas no procedemento aberto de poxa pública das vivendas municipais ubicadas na rúa República Arxentina 12-14, expediente 1806/433, presentáronse no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo as seguintes ofertas:

1) JOSE LUIS GÓMEZ GONZÁLEZ Y MONTSERRAT FERNÁNDEZ ALONSO (doc.150051922 en data 30.04.2015)

Verifícase a integridade do sobre.

A continuación procédese á apertura do sobre que contén o modelo recollido no ANEXO I do Prego de Cláusulas económico-administrativas presentado polos únicos licitantes, o resgardo da constitución da fianza por importe de 6.682,03 euros, as fotocopias dos DNI de JOSE LUIS GÓMEZ e MONTSERRAT FERNÁNDEZ ALONSO así como documento no que ambos os dous se comprometen de forma solidaria e a partes iguais no procedemento de alleamento por poxa pública por lotes das vivendas municipais da rúa República Arxentina 12-14 (LOTE 30). O xefe dos servicios Centrais procede á lectura deste documento.

A Mesa, en consecuencia, considera correctamente presentada a documentación administrativa dos ofertantes.

Terminada a fase de cualificación de documentos, procédese á apertura da sesión ao público cando son as doce e vinte minutos; non comparece ningún.

A Mesa procede a confeccionar a lista do licitador admitido:

JOSE LUIS GÓMEZ e MONTSERRAT FERNÁNDEZ ALONSO

Para a continuación abrirse o sobre que contén a proposición económica no modelo do ANEXO II e compróbase que a oferta non é inferior ao tipo de licitación.

O Presidente procede á lectura do licitante admitido.

LICITADOR	LOTE	PISO-LETRA	IMPORTE OFERTADO
JOSE LUIS GÓMEZ e MONTSERRAT FERNÁNDEZ	30	5º F	134.001 €

Como queira que a oferta axústase ao establecido no prego de cláusulas, acéptase a mesma.



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

O Presidente da lectura, no mesmo senso, dos licitadores que a formularon.

A Mesa propón a súa adxudicación ao órgano de contratación.

Dase por rematada a sesión, cando son as doce e vinte e dous minutos do día devandito, da que se levanta a presente acta."

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado -BOE-* n.º 154, de 26.06.2008 (TRLIS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; *Diario Oficial de Galicia -DOG-* n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 264, de 04.11.2003 (LPAP)
- Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 226, de 18.09.2009 (RXLPAP)
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais; BOE n.º 161, de 07.07.1986 (RBEL)
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector público; BOE n.º 276, de 16.11.2011 (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público; BOE n.º 118, de 15.05.2009
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas; BOE n.º 257, de 26.10.2001 (RXLCAP)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

- Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010; BOP n.º 193, de 06.10.2010

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

2.1.- Mesa de contratación

a) A Mesa de contratación reuniuse o 08.05.2015 e realizou as funcións indicadas na Cláusula 10 do PCEA, a cuxo teor procedería a examinar, en primeiro lugar, a documentación administrativa, e posteriormente, abriría a sesión ao público dando lectura aos licitadores admitidos, para seguidamente abrir os sobres coas ofertas económicas para a súa análise.

b) A solicitude de participación presentada polos únicos licitadores do mes de maio foi considerada formalmente válida pola Mesa de contratación, polo que foi admitida.

A solicitude ten a particularidade de que foi formulada de forma mancomunada por dúas persoas, que xuntaron coa documentación administrativa un documento privado polo que se comprometen de forma solidaria e a partes iguais con respecto á solicitude formulada.

A oferta económica foi tamén considerada válida, e tras o seu análise e comprobación a Mesa resolveu a poxa co resultado que consta na acta transcrita nos Antecedentes, propondo ao órgano de contratación a adxudicación aos licitadores.

c) Segundo o disposto no apartado g) do art. 22.1 do DLCSP, a Mesa de contratación, previa realización dos trámites preceptuados no resto de apartados do citado artigo -coa salvidade do apartado f), inaplicable ao presente procedemento-, propondrá ao órgano de contratación a adxudicación do contrato ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

Tal e como se fixo referencia no informe-proposta de aprobación do expediente patrimonial tocante á normativa aplicable, ao presente procedemento sonlle de aplicación as determinacións da normativa patrimonial (LPAP, RBEL, TRRL e LALGA) e, por remisión, as normas de preparación e adxudicación propias do TRLCSP, atendendo á especialidade dos bens obxecto do procedemento -integrados no patrimonio municipal do solo-, respectando en todo momento os principios e criterios propios de cada ámbito normativo, en canto resulten aplicables con atención ás especialidades propias das entidades locais.

d) As labores realizadas pola Mesa de contratación obedecen ás propias deste tipo de órganos, consonte a normativa anteriormente citada, e foron desenvolvidas con atención ao disposto no PCEA que rexe a súa actuación neste procedemento.

A Mesa propón ao órgano de contratación a seguinte adxudicación, polo importe que se indica:

NOME DOS LICITADORES	LOTE	VIVEND	IMPORTE DE
----------------------	------	--------	------------



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

		A	ADXUDICACIÓN
D. JOSÉ LUÍS GÓMEZ GONZÁLEZ D.ª MONSERRAT FERNANDEZ ALONSO	LOTE 30	5ºF	134.001,00

2.2. Actualización dos lotes dispoñibles

Dada a especialidade tocante ao prazo de presentación de solicitudes e de análise das posturas, para evitar que nas sucesivas mensualidades os interesados formulen solicitudes sobre lotes que xa non se atopan dispoñibles, o PCEA prevé que se actualizarán no Perfil do contratante dende a formulación das propostas de adxudicación (Cláusula 10.5, parágrafo 2º).

No mesmo día da celebración da Mesa, substituíuse no Perfil do contratante o documento no que se expresan os lotes dispoñibles (08/05/2015 13:50h), ao igual que no apartado web do Punto de Información de Vivenda (http://hoxe.vigo.org/movemonos/urb_viv_poxa.php) facendo constar con respecto aos lotes sobre os que se formula a proposta de adxudicación a mención “Non dispoñible” prevista no PCEA, destacado en fondo de cor laranxa/vermello:

	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º
A	<i>Non dispoñible</i>	<i>Adxudicado</i>	<i>Adxudicado</i>	<i>Adxudicado</i>	<i>Adxudicado</i>	<i>Adxudicado</i>	
B	185.678,00 €	188.515,67 €	191.353,34 €	194.191,00 €	<i>Adxudicado</i>	<i>Adxudicado</i>	<i>Adxudicado</i>
C	129.169,31 €	131.159,35 €	133.149,43 €	135.139,43 €	137.129,47 €	139.782,85 €	142.436,24 €
D	148.668,00 €	150.950,52 €	153.233,00 €	<i>Adxudicado</i>	157.798,08 €	160.841,44 €	<i>Adxudicado</i>
E	120.490,00 €	122.345,35 €	<i>Adxudicado</i>	126.056,00 €	<i>Adxudicado</i>	<i>Adxudicado</i>	<i>Adxudicado</i>
F	125.878,00 €	127.818,67 €	129.759,34 €	131.700,00 €	<i>Non dispoñible</i>	<i>Adxudicado</i>	

Nas sucesivas sesións a Mesa de contratación non admitirá posturas sobre lotes non dispoñibles.

2.3.- Obrigas do adxudicatario

a) Presentación de documentación

Consonte o disposto na cláusula 10.6 do PCEA, os licitadores que resulten adxudicatarios deberán presentar no prazo máximo de 10 días hábiles dende a notificación da adxudicación do contrato ao seu favor a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, presentando os correspondentes certificados.

Na citada cláusula prevese que a comprobación de que o adxudicatario non teña pendentes débedas de natureza tributaria en período executivo co Concello de Vigo será realizada de oficio.

b) Pagamento do prezo e gastos



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

Segundo o disposto na cláusula 13ª do PCEA, os adxudicatarios están obrigados ao pagamento do prezo do contrato nunha soa vez, non admitíndose aprazamentos, así como o imposto de transmisións patrimoniais onerosas ao tipo que corresponda, así como os dereitos arancelarios polo outorgamento da escritura pública de compravenda e as súas copias, e os correspondentes á inscrición no Rexistro da Propiedade.

A parte proporcional dos gastos polos anuncios non gratuítos do procedemento pagaránse polos adxudicatarios con carácter previo ao outorgamento da escritura pública, consonte o disposto na cláusula 13.2 do PCEA, até unha contía máxima de 400,00 euros por vivenda.

c) Prazo para o outorgamento da escritura pública

Consonte o disposto na cláusula 12 do PCEA, os contratos formalizaránse no prazo dun mes dende a notificación ao adxudicatario do acordo de adxudicación, debendo concorrer a estes efectos o día e hora que se sinale perante o notario que corresponda para o outorgamento da escritura de compravenda.

d) Inscrición da transmisión no Rexistro da propiedade

Consonte o disposto na cláusula 12 do PCEA, os adxudicatarios deberán inscribir a transmisión no Rexistro da propiedade, ao seu cargo.

2.4.- Cumprimento de trámites

Tocante ás xeneralidades dos procedementos de alleamento de bens patrimoniais, deberá completarse o expediente coa incorporación de informe de fiscalización da Intervención Xeral municipal, relativa en particular á porcentaxe que representa o prezo de alleamento sobre os recursos ordinarios do último orzamento xeral municipal aprobado, aos efectos do disposto no art. 109.1 do RBEL, no art. 276.1 da LALGA, e no art. 79.1 do TRRL.

3.- COMPETENCIA

Resulta competente para a adopción do acordo que se proporá o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade co disposto no art. 10.2.d) dos Estatutos da XMU.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, ...”

A seguir os asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 1 do BNG: Sra. Veloso Ríos



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

A FAVOR: 7 votos: 3 do PP: Sres. Bernárdez de Dios, Egerique Mosquera e Iglesias Bueno e 4 votos do PSG-PS: Sres. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Rodríguez Escudero e Silva Rego.

Acordo:

O Consello, por maioría, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Consonte a proposta formulada pola Mesa de contratación en sesión de 08.05.2015, adxudicar o alleamento da seguinte vivenda municipal, por iguais partes e en proindivisión, aos postores que presentaron oferta mancomunada no mes de abril de 2015 para participar na poxa pública para o alleamento das vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14, consonte o seguinte detalle:

NOME DO ADXUDICATARIO	NIF	LOTE	VIVEN DA	IMPORTE DA ADXUDICA CIÓN
D. JOSÉ LUÍS GÓMEZ GONZÁLEZ D. ^a MONSERRAT FERNANDEZ ALONSO	36053158 -Z 36109284 -C	LOTE 30	5ºF	134.001,00 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos adxudicatarios, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos desde o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de calquera outro que estimen pertinente

Na notificación que se curse, farase indicación expresa de que o contrato de alleamento se outorgará en escritura pública ante notario no prazo dun mes, e requirirase aos adxudicatarios para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte ao de recepción da notificación do presente acordo, presenten a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como indicación de que deberá asumir o custe da parte proporcional dos anuncios non gratuítos con anterioridade ao outorgamento da escritura pública de compravenda, previa indicación do seu importe e forma de pagamento.

Así mesmo, requiriráselles para que por igual prazo designe o notario da súa libre elección para o outorgamento da escritura pública de compravenda, con indicación de que no caso de non verificalo se cursará por medio da Delegación do Colexio Notarial ao notario que corresponda por quenda de reparto.

TERCEIRO: Inserir o presente acordo no perfil do contratante, para público coñecemento, e remitir



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

copia do mesmo aos departamentos de Servizos Centrais e Planeamento e Xestión,
para a súa constancia.»

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo, o quince de maio de dous mil quince

Me/Vº e Pº.

A Vicepresidenta da XMU

María del Carmen Silva Rego





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

